

1.- Número 38 de INFORMEST

Está dispoñible na páxina web da SGAPEIO, apartado de PUBLICACIÓN, o **número 38 de INFORMEST**. Este número ten o seguinte sumario:

- Colaboración: Aplicacións e técnicas da Estatística e a Investigación Social.
- Software: O programa R.
- Actividades da SGAPEIO:
 - Xornada de formación para elaborar proxectos de Estatística.
 - I Encontro sobre a Estatística no Medio Ambiente e na Ecoloxía en Portugal.
- Novas do IGE: Últimas novidades en publicacións e documentos do IGE.
- Traballos de Estatística no SUG: Teses e traballos fin de Grao e Máster.
- Coñecendo a un socio de SGAPEIO: M^a José Ginzo Villamayor.
- Sabías qué?: A Estatística no fútbol.

Máis información: <http://goo.gl/NLInvG>

2.- 6th International Workshop on Compositional Data Analysis

CoDaWork2015 (International Workshop on Compositional Data Analysis) terá lugar en Girona do 1 ao 5 de xuño de 2015.

CoDaWork2015 ofrece un foro de discusión para persoas interesadas no tratamento estatístico e a modelización de datos composicionais, e na interpretación de modelos ou aplicacións con este tipo de datos.

Datas importantes:

- Inscripción: empezou en setembro de 2014.
- Envío de resumos: ata o 15 de decembro de 2014.
- Inscripción a prezo reducido: ata o 15 de abril de 2014.

Máis información: <http://www.compositionaldata.com/codawork2015/>

3.- Curso de Recursos didácticos do portal educativo do IGE

Lembramos que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en colaboración co Instituto Galego de Estatística (IGE) convoca o curso en rede titulado "Recursos didácticos do portal educativo do Instituto Galego de Estatística".

Este curso está dirixido a profesores de ESO/Bacharelato de Matemáticas, Xeografía e Historia e Economía, e impartirase no segundo trimestre do curso 2014/15.

Data límite de inscrición: 12 de decembro de 2014.

Máis información: <http://goo.gl/QiSrB3>

4.- Terceira Olimpíada Estatística

O INE, a *Facultad de Estudios Estadísticos (FEE)* da *Universidad Complutense de Madrid* e a SEIO convocan a **Terceira Olimpíada Estatística** para estudantes de Ensinanza Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e Ciclos Formativos de grao medio.

Prazo de inscrición: do 8 ao 29 de xaneiro do 2015, ambos inclusive.

Máis información: http://www.ine.es/explica/olimpiada2015_inicio.htm

5.- Seminario na Facultade de Matemáticas

O día 11 de decembro de 2014 o Departamento de Estatística e Investigación Operativa de Santiago celebrará no salón de graos da Facultade de Matemáticas o seminario IAP-StUDyS co seguinte programa:

17:00 – 18:00: *Quantiles, expectiles and extremiles: a new perspective on asymmetric least squares.*

Irène Gijbels. Department of Mathematics and Leuven Statistics Research Centre - KU Leuven (Belgium).

18:00 – 18:30: Descanso.

18:30 – 19:30: *High-dimensional tests for spherical location.*

Christophe Ley. Department of Mathematics - Université Libre de Bruxelles (Belgium).

6.- Oferta de emprego para o IMATI

O Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial (ITMATI) busca 1 investigador/a para o proxecto “UNIDADE MIXTA DE INVESTIGACIÓN (UMI) REPSOL-ITMATI”. O persoal que se incorpore nesta convocatoria realizará tarefas de investigación nalgún dos ámbitos de investigación que se desenvolven na UMI: modelización, optimización, simulación numérica (modelos EDP’s), programación e computación.

Perfís dos candidatos: Doutores/as relacionados coas Matemáticas, a Física, a Enxeñería e a Informática.

As persoas interesadas neste contrato deberán enviar antes do 5 de decembro de 2014 ás 14:00 horas as solicitudes, que deberán incluír unha carta de presentación que resuma a

traxectoria do solicitante coas experiencias adicionais a valorar na convocatoria, curriculum vitae (con teléfono móbil e correo electrónico) e o expediente académico de Grao/Licenciatura/Enxeñería, Máster ou Doutorado. Se os candidatos o estiman oportuno tamén poderán achegar á súa solicitude cartas de recomendación. Toda a documentación remitirase á seguinte dirección de correo electrónico: itmati@itmati.com indicando no “asunto” a referencia da oferta ITMATI-OT-08/2014.

Máis información: <http://goo.gl/5IL2Xm>

7.- Oferta de emprego en Biostatech S.L.

Biostatech S.L., spin off de bioestatística da Universidade de Santiago de Compostela, vai ofertar novos contratos laborais entre finais deste ano e principios de 2015.

Piden estatísticos que desenvolverán labores de asesoramento, principalmente enmarcadas en traballos da área de biomedicina, con posibilidades de extensión a outros sectores como a publicidade, seguros, financeiro, etc.

Os interesados deben enviar o CV resumido a biostatech@univova.org.

8.- Convocatoria de axudas predoutorais da Xunta de Galicia 2014

En breve publicarase a convocatoria de axudas á etapa predoutoral do Plan I2C para o ano 2014. A data de remate para a presentación de solicitudes na Xunta de Galicia será o 16 de xaneiro de 2015.

Máis información en: http://imaisd.usc.es/ftp/oit/documentos/1527_gl.pdf

Un saúdo,
SGAPEIO
Facultade de Matemáticas
Campus Vida, s/n
15782 Santiago de Compostela
A Coruña (ESPAÑA)
E-mail: secretaria@sgapeio.es
Web: <http://www.sgapeio.es>